



**Son Trío**, formado por **Su Garrido Pombo** (voz), **Katerina Linke** (piano, composición) e **Susanna Blanco** (cello), presentan o proxecto musical **Miña almiña** baseado nas letras de **Rosalía de Castro**.

O proxecto **Miña almiña** é **un ciclo de cancións con música orixinal** románticas e sensibles con toques de jazz. É unha fusión con poesía de Rosalía e o seu poemario **Follas novas**. A instrumentación clásica e unha linguaxe musical actual, fan soar os poemas do s. XIX como se fosen escritos hoxe. As tres intérpretes, que teñen unha moi ampla experiencia artística por separado participando en diversos proxectos musicais, únense para crear este programa co que tan so cuns meses de vida xa foron elixidas **finalistas dos Premios Martín Códax da Música**.

Ademais, Son Trío completa o seu repertorio con versións propias de cancións populares galegas e tamén doutros poetas galegos.

A doce e moi expresiva voz de Su, moi atenta á palabra; o rico e próximo timbre do cello de Susanna; e as tenras e sensibles composicións de Katerina ao piano levan a unha viaxe emotiva e conmovedora.